

# ***A PERCEPCIÓN DOS/AS FILLOS/AS SOBRE O HÁBITO LECTOR PATERNO E MATERNO***

*Castro Rodríguez, M<sup>a</sup> Montserrat  
Rodríguez Rodríguez, Jesús  
Universidade de Santiago*

## **INTRODUCCIÓN**

A unidade familiar, por se-lo que denomina Bourdieu o “grupo socializador primario”, foi, sobre todo ó longo do século XX, obxecto de análise e estudio dende múltiples perspectivas.

Ó noso ver, ó salienta-lo especial protagonismo atribuído ó rol da familia na “configuración da personalidade” dos seus componentes, contribuíu probablemente o avance epistemolóxico, ó pasar de estudia-la educación dende a Ciencia da Educación ata a que fala da natureza múltiple .

¿Que significou esta evolución epistemolóxica?. Isto orixinou que especialistas de distintas disciplinas se preocuparan de estudar, analizar.... como é a familia, roles/relacións interfamiliares, ¿inflúe a familia na configuración de hábitos, costumes.... e incluso na “constitución e envertebramento do pensar de cada un dos seus membros?. Na procura de dar resposta a estes e outros interrogantes, traballaron e traballan mestres, antropólogos, sociólogos, psicólogos, pedagogos...., coa esperanza de buscar vías de solución e resposta ós conflitos humanos, ás conductas de inadaptação, ó fracaso escolar...

No presente traballo, presentámo-los resultados acadados nunha reducida e sinxela investigación sobre se había relación entre o hábito lector da familia e a do fillo/a.

## 1. A FAMILIA

De todos son coñecidas a abundante bibliografía e investigacións en torno ó influxo familiar e social na configuración da personalidade individual e colectiva dun pobo. Sen embargo, o tema é polémico, quizás pola súa propia natureza. Atopamos múltiples perspectivas de estudio que van dende as que se centran case exclusivamente no factor biolóxico do ser humano ata as que falan de que o propiamente definidor da personalidade humana é o contexto social no que convive, pasando por un modelo que poderíamos denominar mixto ou integrado dos dous posicionamentos anteriores e que parte da idea de que o ser humano é froito de características biolóxicas e sociais. Destas tres ideas que poderíamos considerar embrionarias, emerxen variantes moi diversas.

A elección da familia como unidade de estudio non responde a un feito arbitrario, senón porque esta xoga un papel primordial no proceso de desenvolvemento da persoa en tódalas dimensións. Así o afirman dende diferentes disciplinas científicas. Por exemplo, dende a antropoloxía, O. Lewis define a familia como “*una unidad natural de estudio, particularmente en una gran metrópoli como la ciudad de México*”<sup>1</sup>. É dicir, a través do estudio das familias, pódese afondar no coñecemento non so dos individuos, senón tamén nun determinado sector social. Así o sintetizan as seguintes palabras do autor:

“Me propongo ofrecer al lector una visión desde adentro de la vida familiar, y de lo que significa crecer en un hogar de una sola habitación, en uno de los barrios bajos ubicados en el centro de una gran ciudad latinoamericana que atraviesa por un proceso de rápido cambio social y económico”. (p. XXV)<sup>2</sup>

A este respecto, considero que poden ser moi ilustrativas as palabras de J.J. Pujadas<sup>3</sup> onde reitera a importancia do núcleo familiar:

“Si entendemos las estructuras de mediación fundamentalmente como los grupos primarios de los que participan los individuos, comprenderemos que uno de los más importantes es la familia primaria o grupo doméstico”. (p. 18)

Bourdieu, dende a Socioloxía, fala da familia como o primeiro grupo socializador do ser humano, ó mesmo tempo que reproductor duns valores, dunhas normas, duns hábitos, duns costumes, dun rol social.

Dende a psicoloxía e pedagogía, fálase da orixe familiar de múltiples problemas, tales como: trastornos de personalidade orixinados por problemas de adaptación familiar, social e/ou escolar; conflitos educativos desencadeados polo sobreproteccionismo da familia, timidez e inhibición, pais demasiado esixentes, incoherencia dos pais ante unha mesma situación, actitude negativa dos pais ante os problemas, despreocupación dos pais con respecto á escola....

Sen embargo, aínda a pesar de que existen infinidade de investigacións de distinta natureza, que abordan múltiples aspectos, empregando metodoloxías de investigación moi dispares, non existe unanimidade á hora de sacar conclusións sobre o tema.

1 Lewis, O.: *Antropología de la pobreza*. México, F.C.E, 1980.

2 Lewis: *Los hijos de Sánchez*., Edit. Grijalbo, México, 1983p. XXV.

3 “Elaboración de una Historia de vida” en *El método biográfico: el uso de las historias de la vida en Ciencias sociales*. Madrid, *Cuadernos metodológicos del CIS*, nº5, 1992.

## 2. UNHA INVESTIGACIÓN SOBRE COMO VALORAN OS ALUMNOS DE PRIMARIA AS ACTITUDES DE SEUS PAIS DE CARA Á LECTURA

A lectura, a pesar de tódalas modificacións a nivel lexislativo, epistemolóxico, asiolóxico..... segue a ser un contido básico do proceso de ensino aprendizaxe, posto que como ben din Grandal Campos e Folgado Pita: *“A comunicación, ben oral, escrita ou icónica é un dos vehículos de maior potencia para a transmisión cultural”*.<sup>4</sup>

Por outra banda, socialmente, a importancia da lectura foi en alza ó longo da historia, pero sobre todo, acadada maiores cotas no século XX. O valor social da lectura, aínda que variante ó longo da historia, estivo vencellado a un maior estatus social, sobre todo no último século. Este enfoque condimentou e alimentou epistemoloxica e metodoloxicamente os procesos de ensino-aprendizaxe da lectura.

Na actualidade, o ensino da lectura está ligado ás idades máis temperás do alumno. Tódolos sectores sociais insisten na necesidade ineludible de aprender a ler canto antes, unha “lectura deficitaria” –entendido esta expresión nun amplo senso, e pensando nas repercusións escolares e extraescolares que isto conleva–, asóciase a fracaso escolar, que na vida adulta situará e condicionará o estatus social de cada persoa. Por tanto, podemos dicir que a lectura viuse asociada, con frecuencia, a rol/status social. É neste aspecto onde buscan certos autores a explicación da increscente implicación familiar en que os seus fillos acaden un óptimo nivel lector.

A pesar de que se producen xiros que pretenden incorpora-la idea de inculca-la lectura como elemento de ocio ou de satisfacción de intereses persoais<sup>5</sup>, a tarefa resulta polémica, posto que abre múltiples interrogantes *¿cales serán os propósitos dos/as nenos/as que están empezando a ler?*. Cuestión, ó noso ver, difícil de contestar e que pode abrir un importante debate.

Sexa cal sexa o enfoque de estudio, hoxe en día existe abundante literatura científica que fala das implicacións que o entorno familiar pode ter no proceso de ensino-aprendizaxe da lectura, sobre todo, se se pretende fornecer un cambio de actitudes cara o hábito lector e da cultura tradicional. Innvestigacións nesta liña son as realizadas por autores como Fijalkow<sup>6</sup> que afirma:

“Los autores coinciden en señalar que un niño que tenga dificultad en el aprendizaje de la lectura no es un fenómeno aislado en su familia, pues son muy raros los casos donde tales dificultades aparezcan por primera vez en el grupo familiar.

Aquí entramos en la polémica de que si estos condicionamientos responden a factores genéticos y/o ambientales”. (1989, 165)

### a) O contexto da investigación.

Durante as prácticas que desenvolvemos como estudantes de 2º ciclo da Universidade de Santiago no bienio 1992-1994, tivémo-la oportunidade de impartir unha campaña de animación á lectura en 9 escolas unitarias no Concello de Boiro.

A campaña ía destinada a nenos e nenas do primeiro ciclo de Primaria. En total estaban implicados/as case un centenar de alumnos e alumnas.

En principio, a campaña estaba orientada a traballar distintas modalidades de de textos escritos, e sobre todo, tratando de recupera-la tradición oral e escrita da zona como recurso para a incentiva-la lectura entre os destinatarios.

4 Grandal Campos,T. e Folgado Pita, P: “O programa de animación á lectura do Concello de Narón”. *Revista galega de Educación*, nº 150, p.10-12, 1992.

5 Smith:*Para darle sentido a la lectura*. Edit. Aprendizaje-Visor, Madrid, 1990 p.170

6 Fijalkow, J: *Malos lectores, ¿por qué?*. Fundación Germán Sánchez Ruipérez, Biblioteca del Libro, Madrid, 1.989.

Nun primeiro momento, tiñámo-la intención de implicar dalgún xeito ás persoas adultas da comunidade, nembargante, as limitacións impostas por circunstancias tales como: a falta de recursos e tempo -a actividade era dunha hora semanal en cada unitaria- non nos permitía contactar con moitas persoas do lugar, ó mesmo tempo que o horario no que se desenvolvían as sesións era en horario laboral,..... Todas estas dificultades contribuíron a desestimar-la proposta.

Para solventar este importante obstáculo, realizamos unha serie de actividades onde os rapaces e as rapazas tiveran que recoller mostras da tradición oral/escrita, investigar sobre determinados aspectos.... Isto significou que moitos pais/nais/avós/avoas e outros tiveran unha presenza, polo menos testimonial, na nosa actividade.

Iniciada a experiencia e vendo os procesos que estaban ocorrendo, o equipo que desenvolvía a campaña de animación á lectura, considerou que podía ser interesante analizar como valoraban os rapaces e rapazas os hábitos lectores da súa familia. Os resultados poderían ser máis ricos se se contrastaba coa percepción que o/a fillo/a teñen sobre este aspecto.

### **b) A recollida da información.**

A recollida de información baseouse en:

- un cuestionario realizado ós rapaces e rapazas, onde se preguntaba, entroutras cousas, aspectos de como vían eles/elas percibían as actitudes lectoras dos seus pais e das súas nais.
- recolleuse información nas aulas referente a cuestións como: que tipo de material traían os rapaces, quen llelo proporcionaba, como era dito material, comentarios realizados polo alumnado...
- información proporcionada polo profesorado e outros informantes claves do lugar.
- observación participante.

Para a elaboración dos cuestionarios, atopámonos con problemas:

- non existían instrumentos adaptados para idade dos alumnos, polo que nos mesmos elaboramos un. Tratábase de que fora facilmente comprensible para eles e que nos proporcionara a información máis exacta e precisa. Esta fase tivo un alto grado de dificultade. Sobre todo, tratábase de que as preguntas non foran ambiguas.
- por outra banda, era difícil delimitar ata que punto unha persoa lía moito ou pouco. Como o que se pretendía era que os propios alumnos deran a súa opinión sobre cal consideraban que era o nivel lector de seu pai e de súa nai, procedeuse a facer unha sinxela clasificación: frecuencia lectora, que lían (xornal, revistas, libros....), etc.

### **c) ¿Que resultados se obtiveron?**

En primeiro lugar, cómpre dicir, que o acto de ler resulta pracenteiro para un número elevado de estudantes, nembargante, hai un 24% de persoas ás que lles gusta pouco ou nada ler. E atopan dificultades na lectura, un 52% dos participantes na campaña.

Posteriormente, tratouse de indagar sobre a percepción que teñen de seu pai e súa nai como lectores. En xeral, dos datos obtidos, reflexan que os rapaces e rapazas perciben maioritariamente que seu pai non se adica habitualmente á lectura. O 44% cren que seu pai le moito<sup>7</sup>, un 19% pouco<sup>8</sup> e o 37% nada<sup>9</sup>. Ademais, existen diferencias importantes entre os diversos contextos socioeconómicos.

<sup>7</sup> Considerouse que lían bastante ou moito, aquelas persoas que lían diariamente ou con moita frecuencia xornais, revistas, libros.

<sup>8</sup> Que le esporadicamente, e non é habitual que lea un libro enteiro ou que lea rara vez.

<sup>9</sup> Nunca lle viron ler un libro e nunca ou moi poucas veces os ollaron lendo o xornal/revista.

Así por exemplo, nas zonas onde lugar onde a ocupación maioritaria está máis no exercicio das actividades comerciais e existen pais adicados a profesións independentes, percíbese un aumento no hábito lector.

Se eleximos aleatoriamente unha serie de cuestionarios e cruzámo-los gustos pola lectura que manifestan os/as fillos/as e o índice da lectura que manifestan posúe seu pai, constatamos que existe relación entre eles. Pero é convinte matizar que se aprecian casos como os resultados recollidos na seguinte táboa.

<b>¿Gústache ler?</b>	<b>P</b>	<b>M</b>	<b>M</b>	<b>P</b>	<b>M</b>	<b>M</b>	<b>M</b>	<b>M</b>
				↓	↓	↓	↓	↓
<b>¿Le teu pai?</b>	<b>P</b>	<b>M</b>	<b>M</b>	<b>P</b>	<b>M</b>	<b>M</b>	<b>M</b>	<b>M</b>

Dos pais que afirman non leren nada (2) ou pouco (2), os fillos amosan unha actitude máis positiva cara a lectura. E cando os pais len moito, maioritariamente os rapaces afirman ter gusto pola lectura.

Sen embargo, cómpre salienta-la existencia de unitarias onde se aprecia un significativo cambio de actitudes entre un hábito lector asiduo por parte do pai e unha escasa ou nula apetencia do/a seu/súa descendente pola lectura.

Non obstante, nas pescudas realizadas polo equipo investigador, constatouse que o hábito lector nos varóns do lugar é lixeiramente máis baixo có recollido nos datos anteriores. Aínda que si se manteñen as diferencias en función do contexto de residencia do alumnado.

A presenza da nai na casa máis prolongada con eles/as ou o gusto pola lectura realmente manifestado e reflexado por estas (o propio equipo investigador en contacto coas nais e outros informantes claves), poden ser factores que contribúen á formación da percepción positiva dos/as nenos/as con respecto ó hábito lector da nai. Eles e elas responde que a maioría das nais len moito, incluso máis có pai. Obtivémo-los seguintes datos: 52% das nais len moito, fronte a un 25% que len pouco e un 23% nada.

Dende o punto de vista socioeconómico, existe unha tendencia máis próxima á lectura nos contextos máis alonxados do ámbito rural, o que está xustificadose temos en conta que está máis formada a xente e soe remata-la escolaridade obrigatoria nunha maior porcentaxe ca no ámbito rural, sobre todo en xeracións pasadas que, na maior parte dos casos, non se viron influenciados pola Lei Xeral de Educación onde a escolaridade obrigatoria estaba en torno ós 10 anos.

De novo, facendo un filtrado de cuestionarios e analizando o hábito lector da nai e o gusto pola lectura expresado polo correspondente descendente, apréciase, constátase, paradoxicamente que o influxo da nai sobre o gusto pola lectura do seu fillo ou filla, é máis reducido ca con relación ó pai. Sobre todo a influencia sóese notar máis entre as persoas que dan por resposta que seu pai le “moito” e o resto dos casos.

Ante a pregunta de se o pai ou/e a nai os acompañan con frecuencia na lectura dalgún libro, afirman que si o fan o 56% das nais e non o fan 44% dos pais.

Apréciase tamén que nos núcleos onde o sector industrial e de servizos é a ocupación maioritaria dos pais/das nais na lectura, o acompañamento é lixeiramente superior ca naqueles lugares

onde o sector agropecuario e pesqueiro son maioritarios, situación por outra banda perfectamente explicable. Aínda que tamén hai que destaca-la implicación, sobre todo de nais, que se aprecia en certos pobos/aldeas das montañas.

Sen embargo, o desexo dos pais e das nais de que os/as seus/súas fillos/as lean na casa é moi elevado, así o afirma os datos obtidos que reflexa que un 77% deles insisten en que realicen lecturas ademais das esixidas dende a escola.

Por tanto, podemos dicir que en termos xerais, existe unha preocupación dos proxenitores porque lean os seus descendentes, pero non hai unha elevada implicación e participación no desenvolvemento desta actitude, quizás isto teña o influxo da aínda arraigada idea de que iso é tarefa dos docentes, moi presente sobre todo naqueles contextos onde o *status* socioeconómico é medio-baixo.

A facer esta afirmación, lévanno-los seguintes datos comparan as respostas obtidas en dúas escolas unitarias que aparecen nas táboas seguintes, ubicadas en contextos socioeconómicos diferentes.

#### Unitaria A: Poboación costeira.

	<b>MOITO</b>	<b>POUCO</b>	<b>NADA</b>
¿Gustache ler?	86%	7%	3%
¿Le teu pai?	44%	26%	30%
¿Le túa nai?	56%	26,5%	12,5%
	<b>SI</b>	<b>NON</b>	
¿Len contigo teus pais?.	48%	52%	
¿Teus pais dinche que leas?	78%	22%	

#### Unitaria B: Poboación situada no interior do concello.

	<b>MOITO</b>	<b>POUCO</b>	<b>NADA</b>
¿Gustache ler?	43%	57%	
¿Le teu pai?	43%	14%	43%
¿Le túa nai?	29%	57%	14%
	<b>SI</b>	<b>NON</b>	
¿Len contigo teus pais?	29%	71%	
¿Teus pais dinche que leas?	100%		

Por outra banda, o alumnado responde moi positivamente ante a pregunta de se seus pais lles mercan libros de lectura ademais dos pedidos da escola. Así obtense que a un 77% dos/as nenos/as mércanlles libros de lectura. De tal xeito que 5 unitarias teñen porcentaxes do 100%, fronte a outras 3 que se sitúan por riba do 50% e tan so unha está por debaixo desta cifra.

Coidamos que resultaría interesante ver como pode influí-la frecuencia lectora dos proxenitores na merca dos libros e na actitude dos fillos. Os resultados acadados indican que apenas existen diferencias entre os pais e as nais que len moito e os libros que lles compran ós/ás súas descendentes, aínda que naqueles casos nos que os/as nenas aínda están nun nivel baixo de lectura, a merca dos libros está moi en conexión co hábito lector dos/as pais/nais.

Positiva tamén é a actitude do alumnado con respecto ós libros mercados. Un 76% len os libros que lles mercaron. A actitude xeral en tódalas unitarias está por riba do 50%, concretamente 7 delas reflexan estes datos.

Outro aspecto a considerar é o peso que segue a te-lo libro na sociedade sobre as manifestacións populares. Durante as sesións da Campaña, pedíamos ós/ás alumnos/as que trouxeran escritos realizados por adultos do seu entorno, tanto que foran de creación propia, como de transcripción dunha cantiga, dun refrán, dunha adiviña.... que eles/as souberan. Con frecuencia, os/as rapaces/-zas aportaban composicións escritas tomadas de libros, aínda que transcritas por unha persoa adulta. Boa parte deles, sen embargo, traían aprendidas de memoria numerosas composicións da lírica popular.

É probable que nesta actitude de moitas persoas tamén confluíran outros aspectos como por exemplo, a baixa autoestima de quen ela mesma se considera que posúe unha reducida formación escolástica e sente inhibición á hora de participar directa ou indirectamente nas actividades escolares nas que poida ter un especial protagonismo.

A isto, non hai que esquecer tampouco os efectos que o libro en si conleva. Como afirma Chartier<sup>10</sup>, formato, a disposición, os aspectos relacionados co *marketing*, o propio feito de ser libro e recoller un texto escrito por alguén..... exercen sobre o lector un efecto psicolóxico moi importante. Exerce a autoridade nun amplo sentido. A tradición reflexa que os contidos recollidos nun texto se presentaban ó lector como unha verdade que pretende, en boa medida, ser innegable. Estámonos referindo, sobre todo, ó libro de texto. Ou quizais máis, os emisores -autor e editor- teñen como obxectivo facer ver ó lector que o que alí se relata é a única verdade sobre un tema. Aínda que todo isto, con frecuencia, apareza intelixentemente camuflado. Non podemos olvidar expresións tan populares como: "Iso está nos libros", "¿Cómo se pode aprender sen libros?", etc.

### 3. CONCLUSIÓN

En xeral, sopesando os datos extraídos da percepción que os rapaces e rapazas manifestan sobre os seus pais coa información recollida polo equipo investigador, chegouse á conclusión de que, a visión que posúen os/as fillos/as sobre o hábito lector do pai e da nai e bastante optimista. Na realidade, sobre todo os varóns, non len tanto como os seus descendentes manifestan.

Neste caso, esta percepción optimista da infancia pode derivar en certos riscos que inflúan na propia actitude sobre a lectura, e se vexa reducida a adicación que a esta tarefa lle poidan adicar no futuro. Xa no momento de realiza-la investigación había unha porcentaxe significativa de persoas que afirman non gustarlles ler.

---

<sup>10</sup> Chartier, R.: El orden de los libros. Lectores, autores, bibliotecas en Europa entre los siglos XIV y XVIII. Gedisa Editorial, Barcelona, 1994.

Realmente, boa parte do alumnado non ten presente o exemplo de pais e nais como habituais lectores. Sen embargo, pode ser que influan as actitudes que estes adoptan no comportamento ou nas propias actitudes manifestadas polos seus descentes. Pode favorecer-lo hábito lector a compra de libros, acompañalos rapaces cando len ou a inducción á lectura sabiamente realizada por certos pais, etc. Neste caso por exemplo, os estudantes das escolas unitarias analizadas, posúen bastantes libros mercados polos propios pais/nais e que afirman teren lido.

#### 4. BIBLIOGRAFÍA

- Bourdieu e Passeron: *La reproducción*. Barcelona, Laia, 1985.
- Carabaña, J: “En primero de Enseñanzas medias el nivel sociocultural no explica el rendimiento académico”, en *Revista de Educación*, nº 287, 1988, p. 71-95.
- Chartier, R.: *El orden de los libros. Lectores, autores, bibliotecas en Europa entre los siglos XIV y XVIII*. Gedisa Editorial, Barcelona, 1994.
- Ferreira et Alii: “Familias, estudantes e Universidade. Paneis de Observação sociográfica”. en *Sociología*, nº 4, 1988, pp. 11-43.
- Fijalkow, J: *Malos lectores, ¿por qué?*. Fundación Germán Sánchez Ruipérez, Biblioteca del Libro, Madrid, 1.989.
- Fredericks et Taylor: *Los padres y la lectura. Un programa de trabajo*. Edit. Aprendizaje-Visor e MEC, Madrid, 1991.
- Grandal Campos, T. et Folgado Pita, P.(1992): “O programa de animación á lectura do Concello de Narón”. *Revista galega de Educación*, nº 150, p.10-12.
- Lewis, O.: *Antropología de la pobreza*. México, F.C.E, 1980.
- Lewis: *Los hijos de Sánchez.*, Edit. Grijalbo, México, 1983p. XXV
- Moreno, V.: “Ler.¿Para que?”. *Revista Galega de Educación*, 15, 1992.
- Smith (1990):*Para darle sentido a la lectura*. Edit. Aprendizaje-Visor, Madrid, p.170
- Smith: *Para darle sentido a la lectura*. Edit. Aprendizaje-Visor, Madrid, 1990.
- Tejedor, J. e Caride, J.A: “Influencia de las variables contextuales en el rendimiento académico”. en *Revista de Educación*, nº 287, 1988, p. 113-146.
- Vara Coomonte, A.: “Educación, reproducción o cambio del sistema social”, en *Educación y Sociedad*, Sevilla, Facultad de Filosofía e ICE, 1981.
- La lógica social de la práctica educativa*. Santiago, Edit. Tórculo, 1985.
- VV.AA : *Familia y Educación. Prácticas educativas de los padres y socialización de los hijos*. Barcelona, Labol, S.A, 1988.